Nick (Usuario): ______________________________ Data: _______________

# OS SERES VIVOS

**Une.**

Organismos capaces de realizar as tres funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.

Todas aquelas cousas que non posúen vida, é dicir, que non realizan as funcións vitais.

As características comúns que teñen todos os seres vivos, é dicir, nacer, medrar, reproducirse e morrer.

A función que lles permite aos seres vivos reaccionar ante os cambios que se producen no medio.

A función que lles permite aos seres vivos ter descendentes da súa mesma especie e así asegurar a súa conservación.

A función que lles permite aos seres vivos tomar os alimentos e as substancias necesarias para que o organismo se manteña con vida.

Estrutura básica coa que se constrúe a vida.

Funcións que realizan os seres vivos que lles permiten vivir e adaptarse ao medio

Función de relación

Célula

Seres vivos

Función de nutrición

Ciclo de vida

Seres inertes

Funcións vitais

Función de reprodución

**Contesta:**

É o interior da célula e contén a maior parte da carga xenética.

Son os encargados de realizar funcións específicas.

É unha envoltura que rodea á célula.

É unha substancia xelatinosa situada entre o núcleo e a membrana.

A célula pode realizar as tres funcións vitais, por iso se di que.**a célula é a unidade fisiolóxica dos seres vivos**.

Verdadeiro    Falso    Pode ser    Se o profe o di…

**Arrastra cada parte da célula ao seu lugar.**

membrana    núcleo    citoplasma    orgánulos



**Clasificación das células. Completa o cadro.**

eucariotas procariotas animais

o núcleo está ben definido | o núcleo non está ben definido | teñen parede celular | non teñen parede celular




**Ordena do máis sinxelo ao máis complexo.**

aparello órgano célula organismo tecido

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**Relaciona.**

| | |
|---|---|
| Unión de células iguais. ○ | ○ Tecidos. |
| Unión de diversos tecidos. ○ | ○ Organismo. |
| Unión de varios órganos. ○ | ○ Sistemas e aparellos. |
| Unión de todos os aparellos e sistemas. ○ | ○ Órgano. |

**Indica o nome do reino ao que pertencen os seres vivos definidos.**

* Aliméntanse doutros seres vivos e non se poden desprazar.

* Aliméntanse doutros seres vivos e poden desprazarse.

* Fabrican o seu propio alimento e non se poden desprazar.

* Son seres vivos unicelulares e a el pertencen as bacterias.

* A este reino pertencen os seres vivos que non se poden incluír en ningún dos outros reinos.

**Arrastra e completa o cadro.**

Reino vexetal    Reino moneras    Reino dos fungos    Reino animal

Vertebrados    Protozoos    Plantas sen flor    Bacterias

Unicelulares    Algas




**Preme na opción correcta.**

**A cuberta que arrodea a célula e a separa do exterior é:**

a membrana.    o núcleo.    o citoplasma.    o coronavirus

**Os orgánulos están:**

na membrana.    no núcleo    no citoplasma.    de festa.

**Os seres pluricelulares están formados por:**

unha célula.    moitas células.    bacterias.    fungos.

**As amebas e os paramecios son:**

fungos.    plantas.    protozoos.    amigos.

**Todos os seres vivos están formados por:**

sistemas.    bacterias    células.    fungos.

**A unión de diversos órganos que participan nunha mesma función dá lugar a:**

aparellos.    organismos.    tecidos.    células.

**Os seres vivos agrúpanse en:**

sistemas.    animais e plantas.    bacterias e virus.    cinco reinos.